



- Ao Alcalde de Santiago de Compostela
- Ao Secretario Xeral para o Deporte
- Á concelleira de deportes de Compostela

Apreciado/a Señor/a:

Dende fai xa moito tempo a situación das instalacións atléticas na cidade de Santiago están provocando un considerable dano a todo o colectivo atlético e ao futuro do tecido asociativo de Compostela. Os efectos de non poder celebrar competicións oficiais supoñen un serio problema á difusión e divulgación do atletismo local, comarcal e mesmo galego, nun enclave tan importante como é a mesma capital de Galicia.


A perda da homologación sufrida no Estadio Universitario dende fai varios anos imposibilita que nin as fases propias dos XOGADE nin tampouco as probas de pista federadas poidan desenvolverse en Santiago. De feito, o último Campionato de Galicia de Pista celebrouse nesta cidade no ano 2008. Pero tamén debuxa unha preocupante falta de previsión e lenta resposta das institucións ante unha situación que foi comunicada con antelación dende a Real Federación Española de Atletismo e dende a propia Federación Galega de Atletismo.

Estas circunstancias actuais están orixinando problemas nos adestramentos á meirande parte dos clubs de Compostela, en especial das súas escolas, que utilizan o Estadio Universitario, polo enorme desgaste do seu sintético, co risco engadido de asumir perigo na execución de certos exercicios.

Este relato, que afecta de forma prioritaria ao importante colectivo de atletismo de Santiago, pero tamén, indirectamente, ao resto do atletismo galego, engádese á negligente execución e lamentable desenlace na historia da construción do Estadio Municipal de San Lázaro, inaugurado en 1993, no que refírese ás pistas de atletismo. Dende entón o estado do sintético foise degradando e deixando de manifesto, para os despropósitos na xestión do deporte, como pasan os anos e non existe ningunha reacción institucional para arranxar o problema.

Ante este escenario, o colectivo de afectados, encabezados polos presidente dos clubs de atletismo da cidade, que aglutinan aos deportistas e adestradores, xunto á Federación Galega de Atletismo, representada polo seu presidente e o delegado federativo en Compostela, desexamos manifestar a nosa posición ante o futuro das instalacións atléticas de Santiago.

En resumo, consideramos que a primeira prioridade das institucións debería ser a urxente recuperación para o atletismo do Estadio Municipal de San Lázaro a través dunha actuación que permita acadar a súa homologación para poder albergar, aparte de adestramentos, competicións de carácter galego e mesmo nacional ou internacional. Na actualidade é utilizado por moitos atletas pero as condicións de conservación son moi malas co risco de que unha parte do colectivo se derive ao estadio universitario, masificando o mesmo e agravando o problema. A transcendencia desde Estadio supera



os intereses puramente locais, xa que situaría a Galicia nun lugar de privilexio para poder celebrar grandes competicións de atletismo de pista ao aire libre.

Por diferentes motivos que non procede relatar neste escrito, a experiencia nos indica que o mellor escenario para desenvolver as actuacións e obxectivos do tecido asociativo no caso do atletismo, dentro do actual modelo deportivo español e galego, é baixo o ámbito municipal e non o universitario. En calquera caso, recoñecemos a importante labor que desenvolveu a Universidade de Santiago no noso deporte e, unha vez recuperado San Lázaro, reclamemos o apoio as súas pistas.


Solicitamos á Xunta de Galicia e ao concello de Compostela que dirixan o seu esforzo orzamentario con carácter de máxima urxencia á homologación do Estadio de San Lázaro. O concello de Santiago posúe o documento anexo, que o volvemos a remitir, do ano 2012, sobre as actuacións necesarias para a renovación integral do sintético e poder ser homologadas as pistas.

A Federación Galega de Atletismo está disposta a desenvolver un convenio de colaboración co concello de Compostela para facilitar a xestión do estadio municipal, tal e como e fixo durante décadas no de Balaídos (Vigo).

Agradecendo a súa atención, atentamente:



Alfonso López
C. Atletismo Santiago



Miguel Abel
Club Atletismo Milladoiro




José Antonio Juanatey
Club Atletismo Fontes do Sar



José Ramón Bermúdez
Noitebra Fútbol Club



Adrián Gómez
S.D. Compostela Atletismo



Óscar Fernández
Club Tríatlón Santiago



Isidoro Hornillos
Presidente FGA



Iván Sanmartín
Delegado FGA Santiago

de Compostela, a 21 de novembro de 2020

RENOVACIÓN INTEGRAL PISTA SAN LAZARO (Santiago de Compostela)
Trabajos a realizar:
14/02/2012

Arrancado por medios mecánicos del pavimento insitu existente
Adecuación pista a nueva normativa: Ría, jaula de protección de lanzamientos
Sustitución equipamiento fijo de pista: Tablas de batida, cajetines de pértiga, obstáculo ría, círculos, contenedor peso
Instalación de pavimento prefabricado MONDOTRACK FTX 13 mm. color rojo y/o beig
Pintado, señalización y nuevo bordillo de aluminio

SUPERFICIE APROXIMADA: 6.036,87 m2.

CONCEPTO	UNIDADES	PRECIO	TOTAL
ARRANCADO DE PAVIMENTO EXISTENTE POR MEDIOS MECÁNICOS - TRANSPORTE A VERTEDERO Y CANON DE VERTIDO	6.036,87	4,35 €	26.257,43 €
PULIDO SUPERFICIE	6.036,87	1,08 €	6.544,30 €
REGULARIZACION / NIVELACION CON RESINAS	6.036,87	4,68 €	28.272,30 €
SUMINISTRO E INSTALACION DE PAVIMENTO MONDOTRACK FTX 13 mm. ROJO/BEIG	6.036,87	51,45 €	310.596,96 €
PINTADO PISTA 8 CALLES / 1 COLA	1,00	8.882,61 €	8.882,61 €
SEÑALIZACION PISTA 8 CALLES / 1 COLA	1,00	4.466,42 €	4.466,42 €
SUMINISTRO E INSTALACION NUEVO BORDILLO ALUMINIO	445,00	17,72 €	7.885,40 €
SUSTITUCION EQUIP. FIJO - OBRA CIVIL			
Tablas de batida	6,00	420,00 €	2.520,00 €
Cajetines de pértiga	4,00	420,00 €	1.680,00 €
Círculos	4,00	420,00 €	1.680,00 €
Contenedores peso	2,00	210,00 €	420,00 €
Obstáculo ría	1,00	665,00 €	665,00 €
Instalación jaula	1,00	2.583,28 €	2.583,28 €
Adecuación ría a nueva normativa	1,00	840,00 €	840,00 €
Zapatas jaula	7,00	1.120,00 €	7.840,00 €
			18.228,28 €
SUMINISTROS EQUIPAMIENTOS			
Soporte Tablas batida	6,00	134,60 €	807,60 €
Tabla batida	6,00	196,34 €	1.178,04 €
Tapas	6,00	149,98 €	899,88 €
Cajetín pértiga	4,00	195,55 €	782,20 €
Tapa	4,00	154,63 €	618,52 €
Círculos disco	1,00	111,73 €	111,73 €
Círculos peso/martillo	3,00	102,90 €	308,70 €
Contenedores peso	2,00	148,46 €	296,92 €
Obstáculo ría	1,00	541,15 €	541,15 €
Jaula	1,00	14.551,24 €	14.551,24 €
Red jaula	1,00	1.375,28 €	1.375,28 €
Anclajes jaula	1,00	290,39 €	290,39 €
			21.761,65 €
SEGURIDAD Y SALUD	1,00	2.990,00 €	2.990,00 €
		SUMA	435.885,35 €

IVA NO INCLUIDO
NO INCLUIDA LA LIMPIEZA DE CANALETA CASO DE SER NECESARIA